

**DOMINGO 34º OU DERRADEIRO CICLO A
SOLEMNIDADE DO NOSO SEÑOR XESÚS CRISTO, REI DO UNIVERSO**

PRIMEIRA Ez 34, 11-12. 15-17:

Vós sodes o meu rabaño, eu xulgo entre ovella e ovella

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA PROFECÍA DE EZEQUIEL**

Di o Señor:

- Velaí, eu en persoa virei
seguirle as pisadas ás miñas reses e buscalas.
O mesmo que mira o pastor polos años,
o día en que el se atopa diante do rabaño dispersado,
así eu vou mirar polas miñas reses,
e vounas salvar, sacándoas de todos os sitios
por onde se espallaron un día de nubes e escuridade.
Eu mesmo apacentarei o meu rabaño,
e eu en persoa fareino acougar
-é o meu Señor, Iavé, quen fala-.
Buscarei a ovella perdida,
farei volver a extraviada,
vendarei a que ten a pata partida,
fortalecerei á feble,
pero farei que perezan a gorda e a forte.
Apacentarei o meu rabaño conforme a xustiza.
¡Oíde vós, meu rabaño! Así fala o meu Señor, Iavé:
- Vede, eu vou xulgar entre ovella e ovella,
entre carneiros e castróns.

SALMO RESPONSORIAL Sal 22, 1-2a. 2b-3. 5-6

R/ (1): O Señor é o meu pastor: nada me falta

O Señor é o meu pastor: nada me falta.
Os pastos verdecentes lévame a repousar,

lévame a beber ás augas tranquilas:
El repón as miñas forzas.
Guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome.

Ti pos para min a mesa,
á cara dos meus inimigos;
únxesme con perfume a cabeza,
e a miña copa reborda.
A túa bondade e o teu amor vanme seguindo
todos os días da vida.
Eu habitarei na casa do Señor
ao longo dos meus días.

SEGUNDA 1 Cor 15, 20-26. 28:

Entregaralle o Reino a Deus Pai, para que Deus sexa todo en todo

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA
DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

Cristo resucitou dos mortos, coma primicia dos que dormen. Porque xa que por un home entrou a morte, tamén por un home chegou a resurrección dos mortos. Igual que todos morren por Adam, así tamén por Cristo todos revivirán. Pero cada un no seu intre: primeiro, Cristo; logo, no Día da súa Vinda, os que sexan de Cristo; despois será a fin, cando lle entregue o Reino a Deus Pai, unha vez destruído todo Principado, toda Potestade e toda Dominación. Porque é necesario que El reine ata que poña a todos os seus inimigos por debaixo dos seus pés. A morte será o derradeiro inimigo destruído.

E cando lle teña todo sometido, entón tamén o propio Fillo se someterá a quen lle someteu a El todo: para que Deus sexa todo en todo.

ALELUIA Mc 11, 9. 10:

¡Bendito o que ven no nome do Señor! ¡Bendito o Reino do noso pai David que ven!

**DOMINGO 34º OU DERRADEIRO CICLO A
SOLEMNIDADE DO NOSO SEÑOR XESÚS CRISTO, REI DO UNIVERSO**

EVANXEO Mt 25, 31-46:

Sentará sobre o trono da súa gloria e separará uns dos outros

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

Cando veña o Fillo do Home na súa gloria e todos os anxos con el, sentará no seu trono glorioso. Diante del xuntaranse todas as nacións; e separará uns dos outros. Entón dirá o Rei a uns:

"Vinde, benditos do meu Pai; recibide a herdanza do Reino preparado para vós desde a creación do mundo. Porque tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber; fun forasteiro e acolléstesme; estiven espido e vestístesme; enfermo e visitástesme; estiven na cadea e viñéstesme ver".

Entón preguntaranlle os xustos:

"Señor, cando te vimos famento e che demos de comer; ou sedento e che demos de beber? Cando te vimos forasteiro e te acollemos; ou espido e te vestimos? Cando te vimos enfermo ou na cadea e te visitamos?"

O rei contestaralles:

"Asegúrovos que canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos fixéstelo comigo".

E díralles logo aos outros:

"Arredade de min, malditos; porque tiven fame e non me destes de comer; tiven sede, e non me destes de beber; fun forasteiro e non me acollestes; estiven espido e non me vestistes; enfermo e na cadea e non me visitastes".

Eles replicaranlle:

"Señor, cando te vimos famento ou sedento, forasteiro ou espido, enfermo ou na cadea e non che acudimos?"

El responderalles:

"Asegúrovos que canto deixastes de facerlle a un destes máis pequenos, deixastes de mo facer a min.